

TEMA 7.- A REVOLUCIÓN RUSA.

A CRISE DO ZARISMO. OS PROBLEMAS DA RUSIA ZARISTA.

Rusia é o maior Estado do mundo a principios do s.XX cunha poboación entre 125 e 140 millóns de habitantes, pero é un **Estado moi atrasado con graves problemas** que desatarán as revolucións de 1905 e 1917.

O atraso era xeral tanto nas condicións de vida da poboación como no desenvolvemento económico, sobre todo industrial, pero tamén nas estruturas políticas en relación a Europa occidental.

O atraso agrícola.- A principios do século **a maioría da poboación rusa vivía no campo, só o 20% en cidades, destacando San Petersburgo e Moscova.**

Os campesinos rusos vivían nunha situación de miseria xa que **a maioría das terras eran da Igrexa e da nobreza e ata 1861 non se aboliu a servidumbre, cunha agricultura de subsistencia** que en épocas de malas colleitas provocaba as conseguintes hambrunas.

O atraso industrial.- O atraso da industrialización rusa débese a **falta dunha burguesía nacional inversora, tendo o Estado que buscar a financiación do capital estranxeiro sobre todo francés**, pero tamén británico, alemán e belga. Rusia convertiuse en colonia dos estados europeos occidentais, aumentando a súa débeda con eles e suministrándolles materias primas para a súa industria, sobre todo minerais.

A industria estaba moi concentrada nas zonas ricas en materias primas (Urais, Don, Caucaso, Bakú) e **nas principais cidades** (San Petersburgo e Moscova). Eran poucas pero grandes fábricas con moitos traballadores o que facilitou a **concienciación obreira e as folgas e protestas masivas polas duras condicións de vida e de traballo** (salarios moi baixos e longas xornadas de traballo).

Os problemas territoriais ou nacionais.- **O Imperio zarista ruso era multinacional.** A política de imposición rusa creou enormes tensións na periferia do Imperio.

Os problemas políticos.- O zarismo era un **réxime absolutista e autocrático, cunha autoridade divina e sen oposición** (non había parlamento nin partidos políticos, nin Constitución).

O zar Nicolas II gobernaba Rusia desde 1896 co **apoio da Igrexa ortodoxa e da nobreza, que controlaba a administración e o exército.** A pesar da dura represión, os opositores crearon varias opcións políticas na clandestinidade:

- **Partido Constitucional-Démocrata (Kadetes):** de ideoloxía liberal, defensor das clases medias urbanas e rurais e partidario dun réxime parlamentario, da reforma agraria e da autonomía das diferentes nacionalidades dentro do Estado ruso.
- **Partido social-revolucionario:** defensor do campesinado e partidario do colectivismo agrario (cooperativas, propiedade comunal).
- **Os anarquistas:** herdeiros de Bakunin, enemigos de toda forma de poder e dos partidos políticos, só confiaban nos sindicatos e cooperativas obreiras.

- **Partido obreiro socialdemócrata**: de ideoloxía marxista, formado polos proletarios industriais e dividido en dous grupos desde 1903:
 - a) **Menxeviques**, ou marxistas moderados que defendían unha fase democrática burguesa previa á revolución socialista e de colaborar cos partidos burgueses.
 - b) **Bolxeviques**, ou marxistas radicais, dirixidos por Lenin, que defendían un partido organizado en torno as masas proletarias para a toma do poder sen contar coa burguesía.

A REVOLUCIÓN DE 1905. A CREACIÓN DOS SOVIETS.

A crise económica, os baixos salarios e a derrota militar na guerra contra os xaponeses, provocaron folgas e levantamentos de protesta que foron en aumento ó longo de 1905. **En San Petersburgo o domingo 9 de Xaneiro, unha manifestación pacífica que se dirixía cara ó Palacio de Inverno para presentar unha serie de peticións ó zar foi duramente reprimida polo exército causando un elevado número de mortos (“Domingo vermello ou sanguento”).**

Nos meses posteriores producíronse **numerosas manifestacións e folgas en todo o país, sobre todo nas grandes cidades e centros industriais, chegando o descontento ó exército e producíndose motíns nas tropas como a dos mariñeiros do Acorazado Potemkín.**

Como consecuencia destas revoltas **creáanse as primeiras organizacións revolucionarias formadas por obreiros e soldados chamadas soviets ou Consellos obreiros**, lideradas por delegados elixidos por cada soviet que **negociaban cos patróns e coas autoridades e exercían unha especie de poder local** (seguridade nas rúas, organización dos horarios das fábricas...).

Ante a expansión das protestas o zar tivo que ceder a algunhas reivindicacións e **permitiu a creación da Duma (especie de Parlamento), concedendo algunhas liberdades**, pero ante o remate das protestas, eliminou as reformas e detivo ós disidentes. A pesar do aparente fracaso desta revolución, **as consecuencias para o futuro serán decisivas**, xa que **este proceso acabou coa boa imaxe do zar, e coa unidade do exército**, ademáis de mostrar a **escasa importancia da burguesía liberal en Rusia e a actitude desesperada dos campesiños e obreiros dispostos a apoiar as revoltas.**

A Revolución de 1905 pode considerarse pois como un ensaio da de 1917, xa que o zar conta cada vez con menos apoios.

DE FEBREIRO A OUTUBRO DE 1917: DA CAÍDA DO ZARISMO AO PODER DOS SOVIETS.

A entrada de Rusia na guerra en agosto de 1914 tivo repercusións moi negativas para o réxime zarista xa que mostrou as debilidades, sobre todo militares do exército ruso, con continuas derrotas pola inferioridade do armamento e **a incapacidade dos mandos dun exército anticuado**, do que os soldados desertaban en masa.

O esforzo bélico agravou a miseria da poboación, debido ós desabastecementos dos produtos de consumo e a subida dos prezos dos alimentos. **As sucesivas protestas da poboación foron reprimidas duramente polo goberno**, aumentando a impopularidade do réxime zarista.

Febreiro: o fin da autocracia e a implantación dun goberno provisional burguéis.

O inverno de 1917 foi especialmente duro en Petrogrado, polo frío e pola guerra. **O descontento social aumentaba, e a partir do 23 de Febreiro, comenzáronse a organizar manifestacións espontáneas na cidade pola falta de alimentos**, ante a impotencia das autoridades para controlar a situación.

O 27 de febrero reúnese o soviets de Petrogrado, formado por representantes dos obreiros e soldados (sobre todo menxeviques). **O zar dimite e proclámase a república, quedando o poder en máns dun Goberno Provisional**, dirixido por Kerensky e **apoiado polos liberais burgueses e os oficiais do exército**. Os soviets aínda que apoiaron ó novo goberno, crearon os seus propios órganos de goberno locais, extendéndose por toda Rusia.

O Goberno Provisional convocou unha Duma para elaborar unha Constitución liberal, pero mantendo a Rusia na guerra. Este novo goberno tivo que enfrontarse **ós soviets que constituían xa un dobre poder**, e as demandas sociais dos obreiros (xornada de oito horas, subida de salarios), e dos campesiños (reparto de terras).

O programa bolxevique: as “Teses de Abril” de Lenin.

A división entre os grupos que apoiaban ó Goberno Provisional, foi aproveitada polos bolxeviques que tiñan ós seus principais líderes no exilio polo que non participaron na revolución de Febreiro.

Lenin, líder bolxevique, exiliado desde 1905, volveu a Petrogrado o 3 de Abril e espuxo nas súas *“Teses de abril”* a estratexia a seguir para **pasar da revolución burguesa á socialista. O programa de Lenin e dos bolxeviques baseábase nas reivindicacións de “Paz, terra e todo o poder para os soviets”**.

En xullo, a desesperación das masas populares e a pasividade e incompetencia do Goberno Provisional, xunto as ofensivas alemás nas fronteiras de guerra provocaron **de novo violentas manifestacións en Petrogrado contra o goberno. O control e a represión da insurrección obrigou a Lenin a fuxir a Finlandia**, mentres as autoridades restauraban a disciplina nas rúas.

En Agosto, o intento de golpe de estado do xeneral Kornilov, xefe do exército ruso, fracasou grazas a intervención das masas populares lideradas polos bolxeviques. **O goberno de Kerenski non só perderá o apoio do exército senón tamén o apoio popular**. A desintegración de goberno levou a Lenin a pedir desde o exilio a toma do poder polos bolxeviques.

O triunfo da revolución bolxevique: Outubro de 1917.

En Outubro de 1917, **Lenin e o Comité Central do partido bolxevique deciden iniciar a insurrección armada o día 25**, por iso na noite do 24 a Garda Vermella dirixida por Trotski ocupa as zonas estratéxicas da cidade, mentres **os disparos do acorazado Aurora anuncian o comezo do asalto ó Palacio de Inverno**, sede do goberno. **Na madrugada do 26 os gardas vermellos ocupan o palacio e arrestan ós membros do Goberno provisional**, significando o triunfo da Revolución bolxevique en Petrogrado.

O Congreso dos Soviets, ratificou a caída do Goberno Provisional e a creación dun novo goberno revolucionario presidido por un Consello de Comisarios de Pobo, **liderado por Lenin**, xunto a outros dirixentes bolxeviques como Zinoviev, Kamenev, Stalin e Trotsky.

O NOVO RÉXIME SOVIÉTICO. A ÉPOCA DE LENIN.

As primeiras medidas do goberno bolxevique seguiron as teses de Lenin, tentando resolver os problemas do momento: o fin da guerra e da propiedade privada, o desenvolvemento industrial e os dereitos das nacionalidades periféricas do Imperio ruso.

As primeiras leis supuxeron a **estatalización dos medios de produción, transportes e banca**, e a **separación Igrexa-Estado**, ademáis do matrimonio civil ou a igualdade das mulleres.

Os problemas bélicos.- Os primeiros anos do novo réxime están condicionados por dous conflitos bélicos, a **Guerra europea de 1914**, e a **guerra civil interna que se inicia en 1917**.

A retirada rusa da gran guerra foi unha das primeiras medidas tomadas polos bolxeviques, ante a desorganización do exército ruso fronte o avance alemán e o cansanzo da poboación. Así **Lenin proclamou o Decreto da Paz en outubro**, pero os alemáns obrigaron ós bolxeviques a firmar o **Tratado de Brest-Litovsk** (Marzo de 1918), **cunhas duras condicións que supuxeron a perda de moitos territorios no Báltico e no Leste de Europa** (Polonia, Estonia, Letonia, Lituania,Finlandia e Ucraína).

O fin da participación rusa na guerra europea, non evitou un novo conflito -neste caso entre os propios rusos-, a **Guerra Civil que comezou en marzo de 1918, con participación estranxeira**.

A oposición ós bolxeviques (menxeviques, burguesía liberal, kulaks ou campesiños ricos, zaristas), formaron o Exército branco, **con apoio militar e económico de Gran Bretaña, Francia e EEUU**, temerosos ante o comunismo bolxevique e molestos polo abandono de Rusia (o seu aliado) da guerra europea. Fronte a eles, **Trotsky creou un exército revolucionario moi disciplinado**, o Exército Vermello, **que conseguiu gañar a guerra en 1921**.

Os bolxeviques en Xullo de 1918, executaron ó zar e a todos os membros da súa familia tras declaralos culpables de alta traizón ó pobo. Para perseguir ós contrarrevolucionarios creouse a policía política (“Cheka”).

As primeiras medidas económicas.- Os decretos de Outubro de 1917 buscaban a **socialización dos medios de produción**, entregando o seu control ás clases populares de campesiños e obreiros.

O Decreto sobre a terra, significou a *abolición da propiedade privada*, mediante a entrega de terras, dos grandes terratenentes e kulaks, ós campesiños rusos en réxime de usufruto (*propiedade colectiva estatal ou en cooperativas*).

O Decreto sobre a industria, supuxo a *autoxestión proletaria das fábricas*, mellorando os salarios dos obreiros e reducindo a xornada laboral a oito horas.

O Decreto de Nacionalización da banca e do comercio exterior, sectores que quedan en mans do Estado, expropiándoos ós seus antigos propietarios sen indemnización.

A evolución económica: do Comunismo de Guerra (1918-21) á NEP (1921-28).- A Guerra Civil rusa supuxo a instauración polo réxime bolxevique dun **enorme control estatal dos recursos, para garantir o abastecemento das cidades e do Exército Vermello.**

Decretoouse o control estatal de todos os sectores económicos, a requisa forzosa das colleitas e a obrigatoriedade do traballo. Estas medidas impostas pola forza, consolidaron a revolución e permitiron gañar a guerra civil, pero crearon un grave prexuízo a economía, cun **descenso enorme da produción e unha elevada inflación, o que obrigou a un cambio na política económica trala guerra.**

A situación catastrófica da economía rusa e o elevado número de mortos das guerras (12 ou 13 millóns), **xunto a baixa produción agraria,** provocada polo efecto desmotivador das requisas nos campesiños, e o desabastecemento das cidades pola falta de alimentos, provocou un **enorme descontento social que incrementou o número de folgas.** Ante o aumento das protestas populares o goberno de Lenin decidiu cambiar a política económica.

Implantouse a NEP, que introducía certa liberalización das actividades económicas, conservando o Estado a propiedade dos sectores claves da economía (bancos, transportes, industria pesada, comercio exterior), pero acabando coas requisas agrícolas das colleitas, **permitindo ós campesiños obter excedentes a modo de estímulo para aumentar a produción de alimentos. As pequenas e medianas industrias foron privatizadas** e permitiuse certa liberdade no mercado interior.

A NEP permitiu unha mellora nas condicións de vida da poboación, aumentando os salarios e o abastecemento de alimentos á poboación urbana pero tamén tivo aspectos negativos xa que **contribuiu a aparición de “novos ricos”** (comerciantes, campesiños e empresarios industriais), que foron moi criticados dentro do Partido Comunista xa que simbolizaban a antítese das conquistas revolucionarias.

A Construción da URSS.- A organización do novo Estado levou a **aprobación polo Congreso dos soviets en 1918 dunha Constitución** que establecía un novo nome para o país, a República Socialista Federativa Soviética de Rusia.

Esta Constitución **rexeita o modelo occidental capitalista, abolindo a propiedade privada, e instaurando o socialismo onde todos os medios de produción pasan a mans do pobo,** a través do control do Estado. **Os dereitos individuais polo tanto están limitados polo Estado,** privando do voto ós terratenentes, burgueses, clérigos e militares zaristas.

O sistema electoral favorece ós distritos urbanos e industriais (1 deputado cada 25 mil electores), **dominados polos bolxeviques e prexudica ós rurais** (1 deputado cada 125 mil electores), xa que moitos campesiños querían manter a propiedade privada e se opoñían as requisas do novo estado comunista.

O órgano supremo central de poder en Rusia, era o Congreso dos Soviets, cun Comité executivo central que formaba o goberno. Cada territorio tiña un soviet que o representaba, organizándose o Estado soviético como unha federación de nacionalidades ou pobos do antigo imperio zarista.

Os gobernantes bolxeviques recoñecían os dereitos de igualdade e autodeterminación de todos os pobos do antigo Imperio ruso. A proclamación de gobernos bolxeviques no Cáucaso (Armenia, Xeorxia e Acerbaixán), e en Ucraína e Bielorrusia, deu lugar a unha **unión federal con Rusia, creándose en 1922 a URSS (Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas).**

A CONSOLIDACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO. A ERA DE STALIN.

En 1922, Stalin é nomeado secretario xeral do Comité Central do PCUS (Partido Comunista da Unión Soviética). A enfermidade e prematura morte de Lenin, abriu a loita pola sucesión no poder entre Trotsky (o favorito de Lenin) e Stalin, que xunto a “vella guardia” do Politburó (Zinoviev e Kamenev), a través de manobras e intrigas políticas, conseguiron impedir o acceso de Trotsky ó poder.

As rivalidades non eran só persoais, tamén ideolóxicas, **Trotsky e Lenin defendían a idea da “revolución permanente”**(extender a revolución por todo o mundo), **mentres que Stalin moito máis pragmático defendía a idea alternativa de socialismo nun só país, a URSS.**

Tras “eliminar” a todos os seus adversarios políticos, incluído Trotsky, **Stalin concentrou todo o poder nas súas mans** gobernando de forma ditatorial entre 1927 e 1953.

O STALINISMO.

Foi un período caracterizado por grandes acontecementos históricos a nivel mundial, como a crise de 1929, a 2ª Guerra Mundial ou a Guerra Fría, nos que **a URSS de Stalin, tivo un papel protagonista, convertíndose xunto ós EEUU nunha das dúas superpotencias mundiais.**

A nivel interno podemos destacar os seguintes aspectos deste período:

Planificación Económica.- O Stalinismo rematou coa NEP, iniciando unha **política de intervención total do Estado na economía a través dos Plans Quinquenais** (cada cinco anos), que posibilitaron a **colectivización da agricultura e a consolidación da URSS como potencia industrial e militar.**

Na agricultura, dividíronse as terras en sovjoses, ou **granxas estatais traballadas por campesinos asalariados,** e koljoses, ou **terras comunitarias traballadas en réxime de cooperativas,** conservando unha pequena propiedade privada. A colectivización forzosa e a resistencia dos campesiños a esta política, motivou a deportación de moitos deles a campos de traballo en Siberia, pero **a finais dos anos 30 case toda a terra estaba colectivizada en Rusia.** Os ingresos estatais pola produción agraria permitiron o abastecemento das cidades, o éxodo rural e inversións para financiar o desenvolvemento industrial.

Na industria, tiveron **prioridade os sectores enerxéticos, a industria pesada e a produción armamentística,** cun rápido desenvolvemento das industrias básicas que **levou a URSS nos inicios da 2ª Guerra Mundial a ser a terceira potencia industrial do mundo,** evitando o impacto da crise económica dos anos 30 no mundo capitalista.

Os resultados negativos da colectivización foron: **o baixo nivel de vida de campesiños e obreiros** (falta de produtos de consumo), **a baixa produtividade pola falta de incentivos o que obrigou a imponer días de traballo gratuito** (sábados comunistas) e como exemplo para os

obreiros **o chamado “Stajanovismo”** (polo obreiro Stajanov, que se presentou voluntario para traballar moitas horas gratis para o Estado). **Miles de traballadores morreron nos campos de deportación siberianos por opoñerse a estas medidas de traballo forzoso.**

A Burocratización administrativa e os cambios políticos (Constitución de 1936).- Os tres organismos con poder na URSS e no PCUS (Estado e Partido comunista eran o mesmo, xa que só había un partido único), eran o **Soviet Supremo ou Comité Central** (especie de Parlamento), o **Presidium** (nomeado polo Parlamento e dirixido polo presidente ou xefe de Estado) e o **Consello de Comisarios de pobo** (Goberno).

A Constitución soviética recoñecía o sufraxio universal, pero só se podía votar ós membros do PCUS, e os dereitos dos cidadáns estaban férreamente controlados polo Estado.

A burocracia foi unha forma de control dos cidadáns por parte do goberno sobre todo en asuntos como as saídas ou entradas no país.

Control político e ideolóxico.- O goberno de Stalin caracterizouse pola **eliminación física dos seus opositores, foi a época do terror, das purgas, das deportacións** (as veces de pobos enteiros, como os que colaboraron cos nazis na 2ª guerra mundial) **e dos campos de concentración (“gulags”).**

As duras medidas económicas e a concentración de todo o poder nas súas mans, levou a Stalin a esixir obediencia absoluta e a non tolerar ningún desafío a súa autoridade.

As purgas no PCUS foron continuas, non permitindo as críticas nin a disidencia; **miles de comunistas acusados de contrarrevolucionarios foron executados ou deportados ós campos de traballo.** A cúpula dirixente da Revolución de Outubro, foi eliminada entre 1936 e 1939, e **Trotsky foi asasinado en México en 1940. As purgas extendéronse ós intelectuais** (escritores, artistas, científicos..), **a prensa, a vida cultural e educativa estaba controlada polo Estado,** e os opositores de Stalin foron eliminados da historia de Rusia.

O culto a personalidade.- **Stalin utilizou todo tipo de propaganda** (carteis, estatutas nas cidades) **para ensalzar a súa figura ante os cidadáns soviéticos, gozando dun culto case sagrado durante todo o seu mandato.** A súa imaxe aparecía de diversas formas (paternalista, populista, serio, distante, vestido de militar..), e incluso en imaxes manipuladas xunto a Lenin, aparecendo como o seu mellor amigo e conselleiro.

Trala súa morte en 1953, o seu sucesor Kruschev, fará unha dura crítica e revisión do período stalinista, e da represión levada a cabo polo mandatario contra a poboación soviética.